

MÍNIMOS MÚSICA DE TERCEIRO

A materia consta das seguintes partes avaliáveis; teoría, práctica, audicións e traballo aula-casa. En todas elas achegarémonos os conceptos que necesitamos coñecer para pasar a materia e introducirmos no mundo da música.

ESTILOS MUSICAIS

XÉNEROS POR FUNCIÓN

XÉNEROS POR INSTRUMENTACIÓN

XÉNEROS POR RELACIÓN TEXTO-MÚSICA

XÉNEROS POR TIPO DE PÚBLICO OU INTÉRPRETE, TAMÉN CHAMADO POR TIPO DE TRANSMISIÓN

TIMBRE

GRUPO TÍMBRICO

TEXTURA

FORMA MUSICAL

O máis interesante da materia é o traballo en grupo, colaborativo, complementario e sumativo, polo cal comezaremos pola práctica, ó mesmo tempo que imos coñecendo os conceptos mencionados anteriormente. É importante salientar que os conceptos preguntados na teoría están traballados na práctica e máis adiante nas audicións, e que **o máis importante nos exames é aplicar a lóxica e non contradicirse.**

TEORÍA

Para superar a teoría é necesario acadar un mínimo dun catro entre a teoría e os traballos pedidos e sacar máis dun cinco na media total da materia. Con menos dun catro non se fai media.

Pode aprobarse a teoría coa media do curso 1ª avaliación-40% 2ª avaliación-30% 3ª avaliación 40% da nota, podendo variar esa porcentaxe un 5% arriba ou abaixo en algunha das partes en función dos contidos dados; ou aprobando a terceira con máis dun cinco, xa que están englobados nela os conceptos previos.

Os mínimos na teoría son: coñecer os estilos musicais que miramos durante o curso, as súas características principais e comparar uns cos outros, podendo establecer similitudes e diferenzas entre os mesmos. En todos os estilos temos que facer referencia os conceptos nomeados ó principio. Cada un deses conceptos ten unhas respostas posibles, que varían ó longo dos distintos períodos da historia da música.

Xunto coa teoría pode haber traballos complementarios, as veces individuais, outros colectivos, que complementarán a nota da mesma. Basearanse en traballar sobre algún período da historia da música e a súa ambientación histórica, a través dunha representación teatralizada dese momento da historia, con títeres, con traballos en Impress/powerpoint,....

PRÁCTICA

Para superar a práctica é necesario acadar un mínimo dun catro entre a teoría e os traballos pedidos e sacar máis dun cinco na media total da materia. Con menos dun catro non se fai media. 1ª avaliación-30% 2ª avaliación-40% 3ª avaliación 40% da nota, podendo variar esa porcentaxe un 5% arriba ou abaixo en algunha das partes en función dos contidos dados. Cada peza ten unha porcentaxe da nota dependendo da dificultade, o traballo engadido esixido, da

creatividade ou invención cando é pedida, dos ensaios e da interpretación final.
No traballo en grupo o máis importante é saber distribuir ben o traballo, o aproveitamento dos ensaios, a colaboración e

AUDICIÓNS

Para aprobar as audicións é necesario acadar un catro. É importante salientar que **o que se pregunta nas audicións é o mesmo que se preguntou nos conceptos teóricos e que se practicou cos instrumentos**, co cal o máis importante é **aplicar a lóxica e non contradicir** o que se fixo na parte teórica.

Para elo debemos comprobar que ante o mesmo tipo de pregunta as respostas teñen que ser tamén do mesmo tipo.

Para iso traballáronse en clase os distintos conceptos e é obrigatorio ter os apuntes ó día.

LIBRETA

OBRIGATORIO TER o esquema de cada tema unha vez rematada a sesión na que se da (unha semana despois de cada sesión)

En todas as sesións hai que ter algunha nota do explicado en cada clase. Non tomar apuntes pero si nota dos temas falados ou daqueles puntos nos que se fixo fincapé. Cousas que serán as que entren no exame.

Cabe salientar que, aínda que por motivos de interdisciplinariedade nos apuntes aparecen referencias a historia, arte, ciencia,... no exame só se preguntarán esas informacións relacionadas co contido de música.

Ex: Cal é a nova clase social que aparece no Renacemento e afecta ó desenvolvemento da música?
Por que afecta?

Sería a burguesía, xa que moitos burgueses foron mecenas que apoiaron a diferentes artistas. Ademáis promoveron a música para momentos de lecer, co cal aumentou moito a produción de música profana. O mesmo tempo apoiaron as ciencias e con elo os luthiers que desenvolveron os diferentes instrumentos e fixeron posible a aparición da orquestra no Barroco.

Aclaración do concepto de interdisciplinariedade. Penso que a educación debe ser integradora e globalizadora, que é importante que o alumnado aprenda a relacionar os contidos vistos nas diferentes materias e por elo fago mención a éstas.

O ritmo, o compás ten que ver coas matemáticas; as notas foron inventadas por Pitágoras
O fraseo musical coa linguaxe. Salvando as dificultades técnicas á hora de tocar un instrumento, quen frasea ben soe ler ben.

A informática é unha ferramenta indispensable no século XXI, século das novas tecnoloxías e de Internet e, como tal, e incluídas na programación de música, utilízanse diferentes programas e ferramentas informáticas: Dropbox para subir contidos e práctica; musescore, editor de partituras; libreoffice ou Impress para editar documentos,....; programas de cambio de formato (format factory). Todo aquilo que se envía para subir nota ten que ser enviado a carpeta axeitada, co nome e

formato axeitado, para traballar todas estas ferramentas e, ademais, aprender a organizar o traballo.

RECUPERACIÓN E AXUDAS PARA SUBIR A NOTA

RECUPERACIÓN PRÁCTICA INDIVIDUAL

A recuperación o a subida de nota é posible en todo momento a través do Dropbox, cando se fai un exame individual. Temos dúas semáns para repetir a canción coas condicións esixidas. Ten que estar subida na carpeta que está nomeada con tal fin: CARPETA PARA MATERIAL DE AULA

Obrigatorio ter fruta, baqueta, partituras e a MESMA libreta para todos os cursos. Por aforro económico, por revisar conceptos vistos en anos anteriores ou por educar na concienciación medioambiental. Importante traer o material marcado (co nome ...) por posible extravío, xa que todas as baquetas e frutas son iguais

Hai tres faltas de material ó longo do trimestre. Non se pode traballar en clase sen o material e menos repasar ou revisar o visto sen ter as partituras, a fruta,... Como método que busca a responsabilidade do alumnado, nos casos en que se esquezan do material, antes de comezar a clase ou a parte práctica poden 'alugar' o material que lles falta ou, mellor aínda pedilo noutra aula sen interromper o transcurso das clases. A finalidade é que non haxa alumnos que sempre esquezan o material. Non hai intención de recadar diñeiro. En caso de xuntar o mínimo doarase para material de alumnos sen recursos.

RECUPERACIÓN OU SUBIDA DE NOTAS nomeada axeitadamente CURSO, O QUE SE ENVÍA E NOME DO ALUMNO, NÚMERO DE VEZ QUE SE PRESENTA

P.E. 3A hodie (título da peza) **Javier** (nome do alumno, só cesario poñer o apelido se hai outro alumno no aula co mesmo nome) **2** (a primeira vez é a preguntada en clase, 2 é a recuperación, se segue sen aprobarse ou queren subir a nota poñeríamos 3, 4,...)

3Ahodie Javier2

NOTA. A recuperación da nota da avaliación é nas dúas seguintes semáns ó exame. Si se fan posteriormente se contan as novas notas para a seguinte avaliación.

A partires dos 30 de maio xa non se poden enviar recuperacións das avaliacións anteriores, só do últimos exames (dentro das dúas semáns)

Os formatos aceptados son: .avi .mp4

No Dropbox .flv

Ante calquera dúbida ou se non temos como gravarnos un día á semana estará a disposición o aula de música na que o profesor pode gravarvos, así como a axudar a cambiar o formato ou subir o material ó Dropbox.

Dentro do propio Dropbox, hai tutoriais nos que se explica como facer os cambios de formato e como subir o material.

PARTE GRUPO

Pode recuperarse cada peza en calquera data na que se fai exame de grupo a proposta do propio grupo e sempre que de tempo a facelo. Tamén é posible facelo no recreo semanal no que está o profesorado dispoñible. Ter en conta que no final de curso todo o mundo lémbrese do que ten suspenso, pero que as notas serven dende o primeiro día de curso ata o último. E nas últimas semanas non se poden examinar á vez a varios grupos.

Cada alumno participa dun grupo en cada avaliación, e ten que presentarse obrigatoriamente con él, pero cada alumno ten a opción de mandar vídeo con outro grupo se cre que vai mellorar a nota. Pode facerse o día do exame, se o aula aproveita o tempo e poden repetirse as pezas ou no recreo. Unha terceira opción é a de descargar o programa musescore e facer o acompañamento do noso papel con este programa. Nalgunhas das pezas está xa a partitura feita polo departamento ou por compañeiros de cuarto. (esta opción tamén é factible para os alumnos que se presenten en setembro).

PARTE TEÓRICA

A avaliación é continua. Importa comprender os conceptos dos que se falou o principio do documento. Se pode aprobar por media do curso 40%-30%-40% (o catro faría media), ou aprobando cun mínimo de 5 a terceira avaliación. O catro non fai media neste último caso.

Pode subirse a nota ata un punto en cada avaliación se preséntanse antes da corrección a explicación dos conceptos errados no exame e referidos os estilos musicais da avaliación referida.

Para os alumnos con maior dificultade de asimilar conceptos soe haber un traballo complementario na terceira avaliación que axuda a subir puntos na teoría, pero que debe presentarse en data e seguindo os pasos requeridos. Soe tratarse dunha ambientación histórica, que faga que entendan a música no contexto do momento no que se tocaba. Pode contar ata un 25% a maiores na parte teórica.

Ex: No curso 201415 hai un traballo con títeres no que o títere era obrigatorio (0,5ptos) e a ambientación do títere nun lugar, momento, contando unha historia na que se inclúa a música do momento (descargada cando se poda, porque ten licencia libre ou gravada en directo ou usando as músicas de clase)

Todos os traballos teñen un documento cos puntos esixidos enviados o correo dos alumnos.

DROPBOX

O seu uso só require ter unha conta de correo e poñer unha contraseña
Para entrar no Drobox hai que mandar un correo ó principio do curso o profesorado

dirección email: jamusiesss@gmail.com

ASUNTO: curso letra, nome e apelidos do alumno
ex: 3A Juan Álvarez Pérez

IMPTE TODO empeza por curso e letra para que facilitar a descarga, almacenamento e busca de calquera material dun aula. **Quen non mande un traballo así puntúa menos se está**

na carpeta axeitada e si se envía por outro medio non se recolle. (para calquera problema volve a estar a hora de recreo e as explicacións de clase)

Hai un prazo para enviar correo. Despois se fan as carpetas cos alumnos de cada aula e serve para mandar todas as mensaxes de exames, traballos,...

Cada alumno recibirá un primeiro correo individual cun permiso para entrar nunha carpeta propia do seu aula dentro do Dropbox (disco duro virtual). Facendo click na carpeta e metendo os datos que piden (nome,...pode ser un nick) conta de correo (a mesma que utilizamos para contactar connigo) e contraseña (mesma do correo ou nova)

IMPTE: A CONTRASEÑA E PERSOAL E CADA UN É RESPONSABLE DO SEU USO AXEITADO. SE NON LEMBRAMOS A CONTRASEÑA NON PODEMOS ENTRAR NO CORREO.

Os alumnos que nos prazos abertos non contactan co profesorado non teñen acceso a esta carpeta, e terán que pedir a algún compañeiro que lle reenvíe o material. (busco fomentar a responsabilidade)

Moitas das recuperacións faranse por este medio, así que é importante o seu uso.

ADEMÁIS no Dropbox están os apuntes, posibles exercizos do exame ou semellante, traballos, PARTITURAS de toda a avaliación (para que o traballo de cada grupo poda adieantarse,...)